

# Fiz

## Vergara

### Vilariño

## XVII PREMIO 2017 DE POESÍA

Fiz  
Vergara  
Vilariño

## XVII PREMIO - 2017 DE POESÍA

- 1- O Concello de Sárria e a Agrupación Cultural Ergueitos convocan o XVII Premio de Poesía FIZ VERGARA VILARIÑO.
- 2- As obras presentadas deben estar escritas en lingua galega. A escolla ortográfica de cada obra presentada non será obxecto de valoración por parte do xuri.
- 3- A extensión mínima será de 500 versos. Os orixinais deberán ser inéditos e non premiados en ningún outro certame.
- 4- Os traballos presentaranse por cuádruplicado en exemplares separados, grampados ou encadernados, en tamaño DIN A4 escritos por unha soa cara. Acompañaranse dun sobre pechado no que conste o título ou lema da obra no exterior, contendo no interior o nome e apelidos da autora ou autor, fotocopia do documento de identidade, enderezo, teléfono e correo electrónico. Enviaranse por correo certificado a: XVII Premio de Poesía FIZ VERGARA VILARIÑO, Concello de Sárria, rúa Maior 14, 27600 Sárria, até o 31 de maio de 2017.
- 5- Establécese un único premio indivisíbel dotado con 6000 euros, suxeito á normativa fiscal vixente. O xuri poderá deixar deserto o premio se considera que as obras presentadas non acadan unha mínima calidade.
- 6- O xuri estará composto por persoas de prestixio no mundo da creación ou a crítica literaria. Actuarán como Secretaria a Presidenta da Agrupación Cultural Ergueitos e como Presidenta a Concelleira de Cultura de Sárria, as dúas con voz e sen voto. A decisión do xuri será inapelábel e será dada a coñecer antes do 30 de setembro de 2017.
- 7- A obra premiada será propiedade do seu autor ou autora, agás a primeira edición que será publicada pola Editorial Espiral Maior. En posteriores edicións farase constar a condición de Premiada no XVII Premio de Poesía FIZ VERGARA VILARIÑO.
- 8- Os orixinais non premiados non serán devoltos e serán destruídos. Logo de feito público o ditame a organización poderá abrir as plicas das obras non premiadas para promocionar as seguintes edicións do premio, agás indicación do contrario no exterior do sobre. Non se manterá correspondencia cos autores e autoras.
- 9- A interpretación destas bases correspóndelle ao xuri. A participación no certame implica a súa aceptación.